O facho

BOLETÍN INFORMATIVO DA ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL " O SOUTO" DE RUBIÁNS

NUMERO 8 – OUTUBRO 2008

EDITORIAL

A Asociación Veciñal e Cultural "O Souto", está preparando un outono "quente", dende o punto de vista cultural, programando actividades para tódolos gustos: un ciclo de música coral, un ciclo de charlas-coloquio para persoas maiores, un curso de informática, e como non podía ser menos, celebraremos por todo o alto o magosto, ademais de outras actividades que aínda non están perfiladas completamente, pero que en breve o estarán, e nese momento estaredes puntualmente informados.

Agora, só falta que os veciños acudamos ós actos que imos facer, enchendo completamente o Salón de Actos do Centro Cultural.

A PRIMEIRA FESTA DO CARNEIRO, UN ÉXITO ROTUNDO.

Ninguén podía supoñer, alá polo mes de abril cando comenzamos a traballar na organización da 2ª Romería de Santa Plácida e San Ramón, a enorme trascendencia que este tema ía ter.

Partíamos das duascentas e poucas persoas que tiñan asistido á do ano pasado, co cual para este ano supoñíamos que podían vir unhas trescentas persoas, pero a medida que íamos traballando no tema, xurde o tema do carneiro. Todos estabamos de acordo en que Rubiáns tiña tido moita sona polo carneiro que antes se preparaba na do desaparecido Manolo "O Estudiante", ou na de Sr Emilio "O Relojero", e todos lembrabamos a cantidade de xente de fora de Rubiáns que viña a degustalo.

Enseguida demos por feito que había que recuperar dita tradición, e de inmediato decidimos que o que era a Romería, tal e como a fixéramo-lo ano pasado, este ano tiña que ser algo moito mais ambicioso, polo que empezamos a pensar na cifra de 500 persoas.

Aparece entón unha convocatoria de subvencións da Consellería de Industria, a traverso da Dirección Xeral de Turismo, solicitámola, e se nos conceden 5.719 €. Asimismo, o Concello de Vilagarcía nos subvenciona a totalidade da impresión dos 700 carteis anunciadores da festa, e nos concede un grupo de gaitas e os mesmos Concelleiros de Cultura, Castro Ratón, e de Promoción Económica e Turismo, Rosa Abuín, xunto co Presidente da Asociación, fan o día 6 de setembro a presentación da "1ª Festa do Carneiro- Rubiáns 08" ós medios de comunicación. Reproducimos o publicado por La Voz de Galicia o 7 de setembro:

La asociación O Souto de Rubiáns organiza el martes la primera edición de la Festa do Carneiro

Hace un año, coincidiendo con el final de las fiestas de Santa Plácida, los vecinos de Rubiáns organizaron una romería. La intención era continuar este año con esa misma idea, pero a la asociación O Souto se le ocurrió que «o carneiro tiña moita tradición en Rubiáns». Así surgió la primera edición de la Festa do Carneiro que se celebrará el martes.

Se trata, con ella, de recuperar una tradición que llevaba cada año a los vilagarcianos a comer a Rubiáns por las fiestas de Santa Plácida. El bar Estudiante y el Relojero eran los dos locales que servían de punto de encuentro para que los visitantes comiesen cada año el **carneiro** . Esa costumbre se ha perdido, pero la asociación cultural de Rubiáns ha querido recuperarla organizando esta nueva cita gastronómica.

Así que el martes quien quiera regresar a comer esta carne a Rubiáns, o quien quiera hacerlo por primera vez, puede acercarse a la carpa instalada en las inmediaciones del centro cultural.

Allí se les servirá empanada, pulpo, **carneiro** , postre y café de pota por el módico precio de ocho euros. Se pondrán a la

venta 500 raciones. El presidente de O Souto, Xurxo Abuín, explicó a este respecto que la intención de la asociación es que todas las actividades que organicen sean deficitarias, puesto que lo importante es que la gente participe.

Xurxo Abuín presentó ayer la fiesta acompañado por los concejales Rosa Abuín y Xosé Castro Ratón, quienes destacaron la importancia de esta convocatoria por dos razones. La primera, porque supone un impulso en la descentralización de actividades culturales hacia las parroquias y los barrios de Vilagarcía. La segunda, porque la fecha en la que coincide ayuda a ofrecer una alternativa no solo para la gente de la comarca, sino también para los turistas, en una época en la que las citas de este tipo ya van decayendo.

Quien asista el martes a la fiesta podrá aprovechar también para visitar el centro cultural y recorrer la exposición que allí se exhibe. Se trata de una colección de pinturas del artista local Sindo Caramés, un hombre «tan entrañablemente tímido que os seus cadros só saíron da súa casa para regalarllos aos amigos». La muestra, que lleva por título **Olladas dun aprendiz** , permanecerá abierta hasta el día 28 en la casa de cultura de Rubiáns.

Castro Ratón y Xurxo Abuín durante la presentación de la fiesta

M. IRAGO

É neste momento, dadas as perspectivas que tiñamos de que podía ser un éxito, cando decidimos, por segunda vez, incrementar o número de racións que se ían servir na festa, pasando das 500 ás 700, co cual tiñamos que asumir o risco de que si non acudía a xente prevista, as perdas económicas podían ser moi importantes. Pola contra, tamén sabiamos que canta mais xente acudira, menos risco de descalabro económico.

Os días anteriores ó comenzo das festas, a actividade das personas que integramo-la Xunta Directiva da Asociación, foi frenética: Repartidos en equipos de dúas persoas, recorremos dende Rubiáns cara Pontevedra, de Vilagarcía ata O Grove ou ata Valga, ademais de patear todo o val do Salnés pegando os 700 carteis dos que dispoñíamos.

9-9-08

En la humilde Rubians,
Ayuntamiento de Vilagarcía,
Hemos comido muy bien
En amor y compañía
Bajo un cielo entoldado.
¡Viva la Romería!
La Asociación merece un parabien,
Comer pulpo,empanada y cordero
¡por ocho euros! que maravilla.
Quieren acabar con la crisis,
A pesar del gobierno y su cuadrilla.
Yo propongo solemnemente a la Asociación,
Que continúe eternamente
Por el bien de Rubianes y Galicia

(Este texto, escrito por uns comensais de Rubiáns, nos foi entregado escrito sobre unha servilleta, e nos, como somos guiadiños, cumplimo-lo encargo.)

Chegado o día, vimos con estupor que moita xente que acudía de lugares alonxados de Rubiáns, como por ejemplo un grupo que viña de Ribeira, tivo que marchar sen poder comé-lo carneiro, porque as racións estaban esgotadas, co conseguinte cabreo pola súa parte.

A Romería estivo amenizada por "Os Terribles de Arousa", grupo de gaitas que aportou a Concellería de Cultura, e a Charanga Apeles, que ese día estaba actuando na Festa de San Ramón.

Moitas das persoas asistentes, felicitaron á Xunta Directiva da Asociación polo éxito obtido, o que nos encheu de ledicia e satisfacción. Comentaban o ben que estaba preparado tanto o polbo como o carneiro, a práctica inexistencia de colas para recollé-los alimentos, e o prezo case simbólico que tiñan pagado, e nos animaban a repetir o ano que ven.

E así vai ser: O ano que ven, haberá "2ª Festa do Carneiro Rubiáns 09", pero non será nas Festas de Rubiáns. Estamos barallando a posibilidade de que sexa en agosto, cando o Salnés está ateigado de turistas, e incluso de facer dous días: un sábado e domingo.

Témo-lo compromiso de Rosa Abuín, concelleira de Turismo do Concello de Vilagarcía, de incluí-la Festa no Presuposto do Concello de Vilagarcía, como a Festa da Ameixa de Carril, ou As Revenidas de Vilaxoán.

Se traballamos todos na mesma dirección, puidera ser que aparte do que esto significaría para a proxección de Rubiáns, pudiera ser asimesmo unha importante fonte de financiación das Festas de Santa Plácida e de San Ramón, que posiblemente precisan de un golpe de timón que faga que recobren o prestixio e esplendor que fai anos tiveron, e que lamentablemente xa non teñen.

Por último, agradecer públicamente, ás institucións que apoiaron a Festa con diñeiro, a súaa aportación, pero sobre todo, vaia o nosoo recoñecemento público ós veciños de Rubiáns quee botaron unha man pelando patacas, fregando louza, recollendo e limpando mesas, servindo os platos…

A eles lles corresponde unha parte moi importante do éxito acadado.

A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DIANTE DAS FESTAS

A asociación quere e debe implicarse cada vez mais na totalidade dos problemas ou actividades públicas que afectan á nosa parroquia, polo cual, unha vez superada a incertidume que o pasado ano tiñamos por estas mesmas datas (aínda non levabamos 2 meses funcionando), esta vez entendíamos que debíamos implicarnos nas festas.

E decidimos que podiamos colaborar coa Comisión de Festas de dúas maneiras: Por unha banda, colaboración económica, e pola outra, organizando a 2ª Romería, continuación da que tiñamos organizado o ano pasado, que tan bo sabor de boca deixou nos asistentes, e que fixo que xa o mesmo día da celebración, decidíramos que este ano a repetiríamos.

É habitual que cando se achega o tempo da festa, as comisións “vendan” o campo da festa a un comerciante que oferta á respectiva comisión unha cantidade global pola instalación de toldos ou barracas, e logo él se encarga de recadar o que poida entre os propietarios das atraccións. Recade ou non, ten que entregar á Comisión a cantidade ofertada. Así, os ingresos da Comisión de festas o ano pasado por este concepto foron de 1.200 € aportados polo bar Mª del Carmen mais 470 € das barracas de feira. En total, os ingresos foron de 1.670 €.

A Xunta Directiva da Asociación, logo de debatélo tema, decide que o seu presidente, en nome da Asociación de Veciños, se reúna co presidente da Comisión de festas, e lle oferte 2.500 € mais o que ingresemos pola recadación das barracas, que no peor dos casos, se non mais, polo memos serán os 470 € do ano pasado. €n resumen: a nosa oferta é de 2.970 € como mínimo. Ó mesmo tempo, a Asociación toma a decisión de negociar cos propietarios dalgunhas das atraccións, para que o último día das festas, os nenos de Rubiáns se suban nas atraccións que desexen tódalas veces que queiran de xeito gratuíto.

Os que tivemos fillos pequenos, sabemos perfectamente o que se pode chegar a gastar en atraccións unha tarde no Souto.

Os integrantes da Xunta Directiva estabamos satisfeitos coa nosa decisión de apoiar incondicionalmente as festas da parroquia, así como de regalarlle ós nenos un día de disfrute total nas atraccións.

Pero lamentablemente, non puido ser: O Sr Presidente da Comisión de Festas de Santa Plácida e San Ramón, coa cara radiante pola sonrisa, nos explicou na mañán do domingo 3 de agosto, que chegabamos tarde: Que xa se tiña comprometido (como somos educados, poñemos comprometido en lugar da palabra que tiñamos pensado) co Bar María del Carmen (o Negro), e que como él era un home de palabra, non se ía voltar atrás. Momentos despois, durante a conversa, dixo que agardaría ó día seguinte, que nos ía dar unha resposta definitiva. (Se momentos antes dixera que estaba comprometido, e que era home de palabra, non ten moito sentido que acabe decindo que esperemos ó luns, a non ser que a súa palabra valga ben pouco).

Deseguido, pasamos a falar da 2ª Romería Popular: nos pide que se montamos a carpa para a romería, deberíamos pagar o "imposto revolucionario" á Comisión de Festas. O presidente da Asociación de Veciños lle resposta que de ningún xeito: Primeiro, porque a romería é unha actividade non lucrativa dirixida e organizada polos veciños, e segundo, porque a romería é unha aportación dos veciños ó engrandecemento e realce as festas, polo cual non ten sentido a súa petición de contribución económica, como tampouco o tería pretender cobrarlle ós participantes nas carrozas do martes.

Asimesmo, lle comunicamos que este ano, temos pensado introducir cámbeos na romería: Queremos convertela na que será a terceira Festa Gastronómica do Concello de Vilagarcía, logo da Festa da Ameixa de Carril, e da Festa das Revenidas de Vilaxoán. Concretamente, queremos recuperá-la tradición e a sona que Rubiáns sempre tivo de prepará-lo carneiro en Santa Plácida, polo cual este ano celebraremos a "PRIMEIRA FESTA DO CARNEIRO - RUBIÁNS 2008".

Nos dí entón que estas cousas llas tiñamos que ter falado a él como Presidente da Comisión de Festas, porque él anunciou no "libro" das festas a 2ª Romería Popular. Respostámoslle lembrándolle que él é directivo da Asociación Veciñal e Cultural "O Souto", e que este tema foi debatido nas reunións da Directiva do 20 de xuño, na do 18 de xullo, e na do 1 de agosto, tal e como figura nas actas de ditas reunións, e que a unha de estas reunións, asistíu él. Pero, de tódolos xeitos lle facemos ver que anunciala con outro nome distinto ó que lle queremos dar este ano, non ten a menor importancia.

Entón, o membro da súa xunta directiva que o acompañaba, levántase violentamente da cadeira na que estaba sentado, e increpa ó noso presidente no sentido de que quén organiza as festas, se eles ou a Asociación de Veciños. Coa tranquilidade mais absoluta, contestámoslle que é unha pregunta inadecuada: Todo o mundo sabe que as festas as organiza a Comisión de Festas, pero que a Asociación de Veciños organiza a Romería, polo que non entendo a dónde quere chegar.

Segue dando voces, e vaise, deixándonos co presidente da Comisión de festas. Nun primeiro momento, non entendemos a saída de tono do acompañante do presidente, seguimos falando con éste, e logo remata a reunión decíndonos que vai pensar no ofrecemento da Asociación de Veciños, e que ó día seguinte nos dará unha resposta.

A resposta prometida non chega, e na tarde do domingo seguinte, concretamente o día 10 de agosto, deixa no Centro Cultural, o chamado libro de publicidade das festas, no que nunha das primeiras páxinas, o "Bar María del Carmen" anuncia a toda páxina a "2ª Romeria Campestre", co fondo dunhas fotografías da romaría do ano pasado, organizada por nós.

Quedámonos abraiados: Algúns dín que é un erro da imprenta, outros que si será unha casualidade, e outros, os mal pensados, apuntan a posibilidade de que sexa exactamente así.

Ó día seguinte luns día 4, para saír de dúbidas, chamamos por tfno ó presidente da Comisión de Festas, quen non ten inconvinte en sacarnos de dúbidas: Vendéulle o campo da festa ó Bar María del Carmen, coa condición de que este bar organizara a romería.

De xeito inmediato, a Xunta Directiva da Asociación Cultural e Veciñal "O Souto", convoca unha reunión de urxencia, á que convocamos explícitamente ó presidente da Comisión de festas, membro de dita Xunta Directiva. En dita reunión, tódolos asistentes lle recriminan o que fixo, e lle preguntan por qué o fixo. Él, somentes sorríe, e dí unha e outra vez que non sabía que a Asociación de Veciños ía organizá-la romería como o ano anterior (Por certo dous días despois dirá que a Romería do ano pasado organizouna él ¿?). E non houbo maneira de sacarlle nada mais, por moito que lle lembráramos que asistíu polo menos a unha reunión na que se tratou o tema. Unha vez mais, a Asociación reiteroulle o ofrecemento dos 2.500 € mais o que se recaude das atraccións, e unha vez mais a rexeita.

A Asociación Veciñal e Cultural, non buscaba enfrontamentos con ninguén, moi ó contrario: Planificamos unha romería, a **"1ª FESTA DO CARNEIRO – RUBIÁNS 08"**, para a que acadamos unha subvención da Consellería

de Industria e Innovación, a traverso da Dirección Xeral de Turismo, e que sabiamos que redundaría en darlle mayor esplendor ás Festas do noso pobo A nós, como representantes dos veciños de Rubiáns, só nos move o interés do noso povo, non as expectativas económicas de nengún bar, que o ano pasado, co beneplácito da Comisión de festas, instalaou como lembraredes, a súa carpa en pleno campo da festa, a pesares das numerosas protestas dos veciños, protestas que o Sr presidente da Comisión pasou polo arco de triunfo.

O Sr Presidente da Comisión de festas debería explicar moitas cousas, pero nos tememos, que tal e como sucedeu na entrega de contas das festas do ano pasado, non vai dar nengunha explicación convincente. A Asociación de Veciños, a pesares de todo, decidíu aportar 1.200 € para a festa.

Alá él e a súa conciencia.

CURSO GRATUÍTO DE INFORMATICA E INTERNET PARA MAIORES

No último "Facho", anunciabamos que se ía celebrar un curso gratuíto de informática e Internet para mayores de 30 anos, e o anunciabamos para finais de setembro.

Por problemas de axenda das persoas que van dá-lo curso, éste comenzará o día 3 de novembro para rematar o 5 de decembro, e estará dividido en tres cursos, para poder atender con garantías a demanda de persoas interesadas en facelo: Inscribíronse 29 persoas, e como non queremos que pasen de 10 persoas por cada curso, nos vemos obrigados a realizar tres cursos consecutivos de 16 horas de duración cada un.

AMPLIACIÓN DO CEMITERIO

Fai uns días, tivo lugar unha reunión da Comisión que se encargará da ampliación do cemiterio de Rubiáns.

Nela, aprobouse por unanimidade adxudica-la execución do estudio xeolóxico previo dos terreos, á empresa GMC INGENIERÍA, empresa radicada en Madrid, polo prezo ofertado de 2.856 €, por sé-la oferta mais ventaxosa das tres que tiñamos recibido.

Unha vez comunicada a nosa decisión á empresa GMC INGENIERÍA, ésta nos comunicou que os traballos se realizarán entre os días 3 e 4 de novembro.

Se tal e como esperamos, o informe do estudio xeolóxico é positivo, formalizaremos, tal e como acordamos coa propietaria do terreo, a compra do mesmo, e seguidamente comenzaremo-la tramitación conducente á realización de tan esperada e necesaria obra.

Dende estas páxinas terán cumprida información de todo o que vaia acontecendo.

CICLO DE MUSICA CORAL

A Asociación Veciñal e Cultural "O Souto", ven de programar un ciclo de música coral, a desenrolar no Salón de Actos do Centro Cultural. O ciclo constará de catro corais que actuarán durante catro domingos consecutivos, comenzando precisamente este domingo día 26 de outubro.

O programa será o seguinte:

Domingo 26 de outubro:

Coral da A.C. "O Chopo" do Complexo Hospitalario de Pontevedra.

Domingo 2 de novembro:

Coral da AAVV de Trabanca Badiña

Domingo 9 de novembro:

Coral da A.C. Cortegada

Domingo 16 de novembro:

Coral "Máximo Patiño" de Vilaxoán.

A primeira das actuacións, será a correspondente ó domingo día 26 de novembro, e correrá a cargo da Coral "O Chopo" de Pontevedra. O programa previsto, será o seguinte:

VELAÍ VAI **(Pop. Galega) F. A. REY RIVERO.**

BOGA, BOGA **(Pop. Vasca) Arm.: M. REY OTERO.**

MARIÑEIRO **(Pop. Galega) ROGELIO GROBA.**

TORREVIEJA **(Habanera) R. LAFUENTE AGUADO.**

FLOR TROPICAL **(Habanera) F. A. REY RIVERO.**

LA GOLONDRINA **(Pop. Mexicana) N. SERRADEL SEVILLA.**

FOLIADA DE RIANXO **(Pop. Galega) M. ANGEL VIRO.**

XA NON SEI CANTAR **(Pop. Galega) S. PÉREZ BERNAL.**

ADELITA **(Pop. Mexicana) Adapt.: G. MARTIN.**

SIYAHAMBA **(Pop. Zulü) Arm.: M. REY OTERO.**

Tódalas actuacións darán comenzo ás 6,30 horas da tarde, e durarán aproximadamente unha hora.

O orzamento total do ciclo, é de 800 €, dos cuales a Concellería de Terceira Idade do Concello de Vilagarcía aporta 450 €, e os 350 € restantes serán aportados pola Asociación Veciñal e Cultural "O Souto", Cremos que é unha ocasión única para ver e escoitar en Rubiáns a 4 das millores corais da zona, e esperamos e desexamos que o Salón de Actos do Centro Cultural esté cheo a rebosar.

CICLO DE CHARLAS-COLOQUIO PARA A TERCEIRA IDADE

A Asociación Veciñal e Cultural "O Souto", é sensible á problemática específica que as persoas comenzan a ter unha vez chegada unha determinada idade: Ós problemas psicológicos que aparecen cando a persoa, despois de toda unha vida de traballo, ten de súpeto que enfrentarse a unha vida distinta, na que a miúdo non sabe qué facer co seu tempo, súmanselle en ocasións os derivados dunha saúde que xa non é a mesma que uns anos atrás.

Pretendemos con estas charlas-coloquio, que a persoa que xa está xubilada, ou próxima a xubilarse, teña un mayor coñecemento da problemática que se lle ven enriba, e sepa xenerar os mecanismos de defensa que lle axuden a encontrar un novo sentido a esta nova etapa da súa vida, á vez que lle permitan afrontar con normalidade a problemática propia desta etapa.

As charlas coloquio, serán, entre outras Recursos sociais para a terceira idade

Enfermidade de Alzheimer: causas, fases e intervención.

Preparación para a xubilación

Hipertensión arterial e outras enfermidades coronarias.

Alimentación saudable na terceira idade

Enfermidades osteoarticulares: osteoporose, atrose, artritis e reuma.

Diabetes

Adaptación do fogar e prevención de accidentes.

Para a realización desta actividade, dispoñemos dunha subvención da Consellería da Terceira Idade do Concello de Vilagarcía.

Esperamos que os veciños e veciñas de Rubiáns acudan a estas charlas-coloquio, polo moi positivas que poden resultar para as súas vidas.

A ASOCIACIÓN, XA TEN Á VENDA A LOTERÍA DE NADAL

Efectivamente, despois do anaquiño de sorte que tivemo-lo ano pasado, éste ano imos polo gordo; seguro que nos vai tocar.

A lotería de Nadal, xa está a venda no Centro Cultural, en décimos e en participacións de 10 euros. Este ano, ten un pequeño recargo en forma de rifa: 2 € en cada décimo e 1 € en cada participación. A razón, é por se se dera o caso de que non nos tocara o gordo, e tivéramos que facé-las festas de Santa Plácida como sempre. Así, xa teremos unha pequena cantidade para inaugurá-la recaudación. Pero seguro que toca, e como toque, van vé-las parroquias dos arredores o que é unha boa festa.

Sorte para todos.

A ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS "ALAMBIQUE", DE EXCURSIÓN ÁS FRAGAS DO EUME

O pasado 13 de setembro, a Asociación de Mulleres Rurais "Alambique", organizou unha excursión ás Fragas do Eume, á que asistiron socias e non socias, moitas delas acompañadas polos seus respectivos (xa era hora).

As **Fragas do Eume** é un parque natural galego creado no ano 1997 que abrangue 9.126 ha. nas beiras do río Eume, concretamente nos concellos de Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e As Pontes de García Rodríguez, todos eles da provincia da Coruña.

Está tamén declarado como Lugar de Importancia Comunitaria, coincidindo os seus límites cos do Parque Natural.

O bosque tradicional atlántico conservouse na zona en todo o seu esplendor, a diferenza doutras rexións totalmente modificadas coas repoboacións feitas con especies foráneas.

A árbore con maior presenza no parque natural é o carballo. É o medidor da saúde da fraga: os exemplares máis lonxevos existen nas zonas que sufriron unha menor presión humana, e está sendo obxecto de repoboación en zonas fráxiles do parque, onde fora apartado recentemente polo bidueiro.

Tamén ten numerosa presenza no parque o castiñeiro, dominante nalgunhas áreas logo de roubarlle terreo ao carballo grazas a medrar máis rapidamente e prover froitos de consumo humano. O bieiteiro é a terceira das especies maioritarias, e ocupa dous tipos de espazos: áreas tradicionais de bosque de ribeira, e zonas marxinais onde os carballos foron perdendo distribución, e onde medran rapidamente. Nestes espazos están a ser substituídos por carballos por acción conservacionista.
Nas proximidades dos ríos atopamos o ameneiro, que soporta ben as situacións de asolagamento, o salgueiro (con moita menor frecuencia), o freixo e o pradairo. Outras especies arbóreas das fragas son a abeleira, principalmente nas proximidades dos cursos de auga; o cerqueiro, o érbedo, o loureiro, e o olmo. Tamén se ten sinalado a presenza do lamigueiro nas fragas, unha especie rara na zona próxima á costa. Finalmente, existe en abundancia o acivro, fundamentalmente como arbusto pero que chega a acadar exemplares de altura e porte, o estripeiro, o abruñeiro, a pereira e a maceira brava, esta última pouco frecuente noutros lugares da provincia da Coruña.

Como mostras da presenza humana no parque destacan os mosteiros medievais de Monfero e Caaveiro. A importancia social destes mosteiros basease no feito de que durante moitos anos serviron de eixo vertebrador da vida económica, social e relixiosa da comarca.

Un momento de descanso na visita ás Fragas do Eume

O mosteiro de San Xoán de Caaveiro estableceuse no ano 934 nas Fragas do Eume para acoller aos numerosos anacoretas que vivían dispersos na zona. Pronto importantes doazóns de San Rosendo e outros nobres engrandecen o seu patrimonio recibindo este a maior parte das terras cultivables existentes á dereita do río Eume e tamén lle conceden a xurisdición sobre vilas e freguesías eximíndoo da autoridade do arcebispado de Santiago de Compostela. O conxunto foi declarado no ano 1975 monumento histórico-artístico pola súa importancia arquitectónica.

As orixes do mosteiro de Monfero remóntanse ao século X, cando se fundou un cenobio ao pé dunha ermida adicada a San Marcos. Na actualidade excepto a igrexa o resto de dependencias monacais atópase en estado ruinoso, porén estánse levando a cabo medidas para a súa restauración parcial. (Extraído de www.fillos.org)

Esperamos e desexamos que a Asociación de Mulleres Rurais "Alambique" siga como ata o de agora traballando polos veciños de Rubiáns. Cantos mais sexamos a arrimá-lo ombreiro, mais e mellores obxectivos acadaremos.

OS COMUNEIROS DE BAIÓN, PRETENDEN CONSTRUIR UN CAMPO DE TIRO NO NOSO MONTE GRANDE

O pasado domingo 12 de outubro, os comuneiros de Baión, reuníronse para tomá-la decisión de asinar un convenio cunha sociedade acabada de crear entre algúns dos directivos da súa Xunta Rectora, para construír un polígono de tiro no monte que fai case dous anos invadiron co pretexto de que era da súa propiedade.

A Xunta Rectora da Comunidade de Montes de Rubiáns, xunto coa súa abogada, levan todo este tempo recopilando a documentación precisa para eisixí-la devolución do noso monte pola vía xudicial.

Neste senso, este venres 24 de outubro, a Xunta Rectora vai manter unha reunión de traballo coa nosa abogada e o enxeñeiro forestal que colabora con nós, para darlle a resposta axeitada ó tema.

Nembargantes, e para evitar que nun hipotético xuízo poidan alegar descoñecemento, a Xunta Rectora decidíu enviar unha nota de prensa ós medios de comunicación, advertindolles que están a negociar cunha propiedade que non é súa, senón da Comunidade de Montes de Rubiáns. A a continuación reproducimos o publicado por Faro de Vigo:

Los comuneros de Rubiáns y Baión se disputan la parcela de Monte Grande

M.G. / VILAGARCÍA

La junta rectora de la Comunidad de Montes de Rubiáns (término municipal de Vilagarcía de Arousa) ha encargado a sus representantes jurídicos la redacción de la correspondiente demanda judicial para hacer valer sus derechos sobre la zona de Monte Grande, donde los comuneros de la parroquia vilanovesa de Baión pretenden acometer un polígono de tiro.

La decisión fue adoptada en la reunión celebrada el pasado día 14, tras valorar las informaciones, de las

Una de las asambleas de los comuneros de Rubiáns. / *j.l. oubiña*

que se hizo eco FARO DE VIGO, que indican que la Comunidad de Montes de Baión aprobó la firma de un convenio con una sociedad creada al efecto para la construcción de un polígono de tiro en Monte Grande.
Según señala el presidente de los comuneros de Rubiáns, Xurxo Abuín, en este negocio estarían implicadas algunas personas cercanas a un directivo de los comuneros.
El máximo responsable de la comunidad de Rubiáns puntualiza que Monte Grande "como ya la junta rectora de Baión sabe, fue clasificado por el Jurado Provincial de Montes Vecinales el 18 de noviembre de 1981 a favor de los vecinos de la parroquia de Rubiáns, y tal y como se recoge en la legislación al efecto, la única forma de modificar tal resolución es a través de la resolución judicial, nunca porque una

junta rectora pierda el control e invada un monte, como ocurrió en diciembre de 2006, cuando unilateralmente deciden talar la madera que los comuneros de Rubiáns acababan de subastar". Abuín recuerda que en aquel momento la comunidad de Rubiáns acordó no acudir al monte para evitar un problema de orden público, y acudir a la justicia para resolver el problema suscitado. "Nuestros abogados están a punto de presentar la correspondiente demanda, que estamos seguros dará la propiedad del citado monte a sus legítimos propietarios, los vecinos de Rubiáns, que entre otras cosas talaron la madera destrozada por la borrasca tropical Hortensia, que azotó las costas gallegas entre los días 3 y 4 de octubre de 1984, beneficios que se invirtieron en la dotación de alumbrado público para Zamar", recuerda el presidente.

Los directivos de Rubiáns, encabezados por Xurxo Abuín, entienden que las personas que componen una junta rectora "deben ser serias y responsables, ya que cuando toman una decisión, como la tomada en este caso, de invadir el monte propiedad de terceros, las consecuencias económicas que se pueden derivar en un momento de euforia, pueden ser cuantiosas, sobre todo, si al valor de la madera talada se le suman los daños causados en el monte".

Llamamiento a la cordura

Por este motivo el directivo de Rubiáns hace un llamamiento a la cordura a la vez que advierte que la Comunidad de Montes de Rubiáns "no hizo ni hará dejación de sus funciones en la defensa del monte que consideramos nuestro, y que si alguna posibilidad de acuerdo hay, será antes de que las máquinas comiencen a transformar el monte".

A BIBLIOTECA DO CENTRO CULTURAL

Como todo o mundo sabe, o Centro Cultural conta cunha biblioteca, na que estes días, e ata fin de mes, unha bibliotecaria contratada polo Concello está a inventariar os fondos que contén. Supoñemos que pode haber entre 2500 e 3000 libros, pero lamentablemente non hai nengún libro infantil, e poucos para o público xuvenil. A Asociación de Veciños, fixo un esforzo económico para dotar o espacio adicado á biblioteca de estanterías e de mesado para a colocación de equipos informáticos, pero todo esforzo nesta dependencia resulta pequeno.

Nese senso, temos o compromiso do Concelleiro de Cultura de que tentará acadar que a Xunta de Galicia aporte algúns libros, especialmente para os públicos infantil e xuvenil.Mentras tanto, facemos un chamamento ós veciños que teñan libros e queiran donalos á Biblioteca, para que o fagan. Lles quedaríamos moi agradecidos.

ALGO NON VAI BEN

Fai xa mais dun ano que a Asociación Veciñal e Cultural “O Souto” está a funcionar, aínda que moita xente da parroquia non teña dado o paso para integrarse nela, e algúns incluso a critican sen saber moi ben por qué.

Foi un ano de duro traballo: algunhas cousas saíron moi ben, outras menos ben, e seguramente que algunhas, a pesares do noso esforzo, sairían mal. O que nadie nos debería negar, e que traballamos arreo coa ilusión de que Rubiáns avance imparable cara unha sociedade mais xusta, mais libre, unha sociedade na que non exista ignorancia, unha sociedade na que cada quén poida expresar libremente a súa opinión, aínda que sexa radicalmente diferente á da mayoría.

Venme á cabeza unha frase célebre, da que non consigo recordar o seu autor: *“Nunca estarei de acordo con Vostede, pero daría a miña vida para que vostede puidera seguir defendendo a súa postura”*

Nestas palabras agóchase toda unha filosofía da vida. Reflexionemos, e deixemos a un lado as diferencias de opinión ou de criterio, e traballemos todos codo con codo por Rubiáns.

Se así o facemos, poderemos mirar cara o futuro cheos de esperanza.

O PROBLEMA DAS AUGAS DO MONTE EN O LAGO, A PIQUES DE SOLUCIONARSE

O problema das inundacións en O Lago, como consecuencia da ausencia de canalizacións axeitadas, está por fin, en vías de solución.

A Asociación de Veciños, logo de reunirse en dúas ocasións cos propietarios dos terreos afectados (Marisa César e o seu home), logrou a sinatura dun convenio entre a familia e a Sra Alcaldesa de Vilagarcía, polo que Marisa César permite que se lle tire o valo que pecha a finca da súa propiedade, se retire a vella tubería que está enterrada baixo o mesmo, e se sustitúa por unha tubería de 800 mm de diámetro, sección que se considera suficiente para que non volva a haber problemas de desaugue.

O Concello comprométese a edifica-lo valo en condicións similares ó que existe na actualidade, así como a respetá-las cepas existentes. Asimismo, o replanteo da obra faráse de común acordo entre as partes, en principio mañán xoves 23 de outubro.

O SÁBADO 15 DE NOVEMBRO, CELEBRAREMO-LO MAGOSTO

O sábado 15 de novembro, a Asociación Veciñal e Cultural "O Souto" vai celebra-lo magosto. Haberá castañas asadas, criollos, chourizos, viño e música.

Os veciños temos que comenzar a pensar que as actividades que organizamos, teñen un custe que alguen terá que asumir: Nadie debería por en dúbida, que actividades feitas, como por ejemplo a festa do carneiro, teñen un precio "chamativo", tanto é que moita xente que veu, quedou sorprendida polos 8 € que se cobraron. Resulta francamente feo e insolidario, ver como algunha xente trae o viño ou a bebida da casa, e no no merca no bar da Asociación, a un precio módico. Se queren traelo da casa, ó mellor, o que deberían ter decidido, é facé-la festa na casa.

Por eso, os socios asistentes, pagarán unha pequena cantidade para cubrir gastos, e os non socios, unha cantidade algo maior, xa que non deberían aproveitarse do diñeiro que é de todos, pero especialmente dos veciños que pagan a cuota de socio.

EXPOSICIÓN DE PINTURA DE MON COSTA

O vindeiro domingo día 2 de novembro, ás 6,15 horas da tarde, inaugúrase a exposición de pintura do artista cambadés Mon Costa.

De Mon Costa, decía Ernesto Losada no Faro de Vigo do 24 de outubro de 1998:

"Este artista da a su obra belleza y fuerza, de una visión de una humanidad sublime y todavía posible, y aunque la espiritualidad es solamente un dato, no una interpretación, en su obra si se nota el exclusivo donde la claridad demostrando que es diestro en el manejo de los efectos de la luz y el color, sobre todo en los paisajes"

Entre os premios recibidos, podemos salientá-los seguintes:

1972. 1º Premio Deputación de A Coruña de Debuxo.
1973. 1º Premio Deputación de A Coruña de Debuxo.
1973. 3º Premio Deputación de A Coruña de Pintura.
1974. 2º Premio Deputación de A Coruña de Debuxo.
1974. 2º Premio Deputación de A Coruña de Pintura.
1975. 2º Premio Albariño'75. Concello de Cambados.
1986. 1º Premio Concello de Vilagarcía de Arousa.
1996. 3º Premio Concurso Aire Libre. Festa Marisco de O Grove.
2005. Accésit 1º Concurso Aire Libre. Paisaxes de Valga.

Dende logo, unha exposición que ninguén deberís perderse.

TELEFONOS DE INTERÉS:

TFNO CENTRO CULTURAL: 986509683

TFNO AAVVCC "O SOUTO": 693771622

PÁXINA WEB DE RUBIANS:

www.rubians.com